

Servizo de
CONTRATACIÓN

CONCELLERÍA
DE
CONTRATACIÓN

CONCELLO
DE VIGO



A Mesa de Contratación do Concello de Vigo, na súa sesión de data 23 de novembro de 2018, realizou entre outras, as seguintes actuacións:

8.- Entrega dos informes de valoración dos criterios de adxudicación nos procedementos abertos, negociados e restrinxidos.

d) Procedemento aberto para a contratación das obras de "Cubrición do patio do colexio Canicouva" (78-441) (informe sobre B)

Entrégase o informe asinado pola enxeñeira de Camiños, Canles e Portos – FEDER Vigo Vertical, polo técnico medio en Topografía da Área de Fomento, a técnica media de Obras Públicas da Oficina de Supervisión de Proxectos e Inspección técnica de Obras Públicas e o enxeñeiro de Camiños, Canles e Portos – xefe do Servizo de Vías e Obras e Infraestruturas o 21 de novembro de 2018 de valoración do sobre B “proposición avalible mediante xuízo de valor”.

9.- Estudo e, no seu caso, aceptación dos informes de valoración dos criterios de adxudicación nos procedementos abertos, negociados e restrinxidos.

d) Procedemento aberto para a contratación das obras de "Cubrición do patio do colexio Canicouva" (78-441) .

A Mesa acepta, por unanimidade, o informe asinado pola enxeñeira de Camiños, Canles e Portos – FEDER Vigo Vertical, polo técnico medio en Topografía da Área de Fomento, a técnica media de Obras Públicas da Oficina de Supervisión de Proxectos e Inspección técnica de Obras Públicas e o enxeñeiro de Camiños, Canles e Portos – xefe do Servizo de Vías e Obras e Infraestruturas o 21 de novembro de 2018 de valoración do sobre B “proposición avalible mediante xuízo de valor” e acorda, para os efectos previstos no artigo 86 do RXLCAP, outorgar un prazo de tres días aos licitadores que deseguido se relacionan para que indiquen se pertencen ou non a un grupo de empresas (e, en caso afirmativo, se algunha participa nesta licitación):

1. ZONA DE OBRA O ROSAL, S.L.
2. CONSTRUCCIONES CASTRO FIGUEIRO, S.L.

A información sobre a pertenza a un grupo de empresas dos demais licitadores presentados e admitidos consta nos expedientes nº 74/441 e 109/441.

Se publica anuncio no Perfil de Contratante do concello de Vigo para os efectos sinalados na cláusula 9 do prego de cláusulas administrativas particulares (“As notificacións practícaranse por medios electrónicos o mesmo día da publicación do seu contido no perfil de contratante. Cando nelas se sinale algún prazo para a práctica algunha actuación polo destinatario, este computarase desde a data de publicación



Copia do documento - Concello de Vigo

Data impresión: 26/11/2018 10:11

Páxina 1 de 2

Expediente 78/441

CSV: 2BEF56-59EA2D-DBBD24-XQJTG6-VQ5GWU-H1

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección da sede electrónica <http://www.vigo.org/csv>

no perfil de contratante”), ao abeiro do previsto na disposición adicional 15ª da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do Sector Público.

O prazo para presentar a devandita documentación remata o día **29 de novembro de 2018**.

O enderezo web do Rexistro da sede electrónica do concello de Vigo onde poderán presentar a documentación solicitada é:

versión galego:

<https://sede.vigo.org/expedientes/usuarios/login.jsp?lang=ga>

versión castellano:

<https://sede.vigo.org/expedientes/usuarios/login.jsp?lang=cas>

Se a documentación é presentada a través do rexistro electrónico, os documentos que a acompañen deberán ser asinados mediante sinatura dixital.

Tamén poderá presentar a documentación de maneira presencial no Rexistro Xeral do Concello de Vigo, ou a través de calquera dos medios previstos no artigo 16.4 da Lei 39/2015 , de 1 de outubro, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

O que comunicamos para coñecemento xeral e demais efectos.

O contido integro da acta da sesión da Mesa de Contratación da que se publica este extracto pode consulta-lo no seguinte enderezo WEB:

<https://sede.vigo.org/expedientes/perfilcontratante/actasmesacontratacion.jsp?lang=gal>

A secretaria da Mesa de Contratación
(sinatura dixital)

